



Concello de Vilalba

Procedemento: Contratación pública mediante procedemento aberto

Expediente número: 2291/2024

Asunto: Memoria da xustificativa dando inicio ao procedemento de contratación mediante o procedemento aberto

En virtude do disposto no artigo 116.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), redáctase a presente memoria xustificativa do contrato de *“Renovación do pavimento da pista do Pavillón Polideportivo C.E.I.P. Manuel Mato Vizoso de Vilalba” (PLAN ÚNICO 2024).*

1. Xustificación da necesidade do contrato.

Con esta actuación preténdese renovar a totalidade do pavimento da pista polideportiva e da zona de acceso ós vestiarios, sin afectar ó resto de estancias do inmovible debido a que o pavimento existente na zona adicada á práctica de diversos deportes (fútbol sala, baloncesto, voleibol, tenis, etc.) atópase na actualidade moi deteriorado a causa do intenso uso ó que se ve sometido a diario, así como polo paso do tempo, as oscilacións térmicas habituais na zona ou a existencia durante tempo de goteiras na cuberta das instalacións (xa arranxadas) que provocaban humidades na súa superficie.

No estado actual, a pista supón un risco para a práctica deportiva, a causa dos blandóns, fendas e discontinuidades que presenta na súa superficie, e é por isto polo que en virtude deste ámbito competencial, o Concello de Vilalba pretende contratar as obras de *“Renovación do pavimento da pista do Pavillón Polideportivo C.E.I.P. Manuel Mato Vizoso de Vilalba”*.

2. Necesidade da Administración á que se pretende dar satisfacción e acreditación da falta de medios propios.

Á vista do indicado, queda acreditado que a contratación da obra descrita ten coma finalidade o cumprimento e realización dos seus fins institucionais, é debido á falta de medios persoais e técnicos do Concello, a xestión indirecta desta obra é a forma mais idónea e eficiente de levar a cabo os fins institucionais, en tanto o cadro de persoal con conta con ningún empregado ao que se le poidan atribuír as funcións inherentes aos traballos a licitar.





Concello de Vilalba

3. Xustificación da non división en lotes do contrato.

Tendo en consideración o obxecto do contrato, e en base ao disposto no artigo 99.3 da LCSP este órgano considera motivos válidos, a efectos de xustificar a non división en lotes do obxecto do contrato, os seguintes:

a) Dificultade da correcta execución do contrato desde o punto de vista técnico, xustificada en que as prestacións comprendidas no obxecto do contrato executadas de forma separada sofren menoscabo ou detrimento.

b) Risco para a correcta execución do contrato procedente da natureza do obxecto do mesmo, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, xustificada en que coa división en lotes do obxecto do contrato pérdese a optimización do control da execución global do contrato; pérdese a coordinación da execución das prestacións; así coma incrementáanse os custos de execución pola existencia dunha pluralidade de contratistas diferentes.

4. Indicación do valor estimado do contrato.

O valor estimado do servizo será de un total de 73.502,73€, calculado o mesmo baixo as previsións contidas no artigo 101 da LCSP.

5. Xustificación da elección do procedemento de contratación.

Sobre este aspecto, o artigo 131 da LCSP, indica que *«a adxudicación realizarase, ordinariamente utilizando o procedemento aberto ou o procedemento restrinxido, salvo os contratos de concesión de servizos especiais do Anexo IV, que se adxudicarán mediante este último procedemento»*.

No caso que nos ocupa, estamos ante un contrato de obras que prevé, nos pregos de cláusulas administrativas, criterios de adxudicación mediante xuízo de valor cuxa ponderación supera o 25% do total, e polo tanto, non é posible en aras da simplificación administrativa que invoca o artigo 167.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, acudir ao procedemento aberto simplificado regulado no artigo 159.1 b) da LCSP, e por tanto é preciso realizar unha tramitación ordinaria do procedemento aberto, aos efectos de garantir os principios recollidos no artigo primeiro da LCSP, a saber: liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores; e de asegurar, en conexión co obxectivo de estabilidade orzamentaria e control do gasto, e o principio de integridade, unha eficiente utilización dos fondos destinados á realización de obras, a adquisición de bens e a contratación de servizos mediante a esixencia da





Concello de Vilalba

definición previa das necesidades para satisfacer, salvagárdaa da libre competencia e a selección da oferta economicamente máis vantaxosa

6. Xustificación da elección dos criterios de solvencia e clasificación empregados na licitación.

Conforme ao exixido polo artigo 116.4 da LCSP no que se indica que o expediente xustificarse adecuadamente: os criterios de solvencia técnica ou profesional, e económica e financeira, así coma a clasificación que sexa solicitada aos licitadores, sexa esta ou non preceptiva.

SOLVENCIA ECONÓMICA Y FINANCIERA (artículo 87 LCSP)

Declaración sobre o volume anual de negocios do licitador referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos, por un importe que sexa igual ou superior ao 90% do valor estimado do contrato.

Acreditarase mediante: Para acreditar a solvencia económico-financiera, de conformidade co artigo 87.1.a) da LCSP, os licitadores deberán acreditarse un volume anual de negocios, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do empresario e de presentación das ofertas. Devandito volume de negocios mínimo anual terá que ser igual ou superior á cifra de 66.152,48 euros para poder optar á licitación, contía que se estima correcta para os efectos de non supoñer un obstáculo para a participación das pequenas e medianas empresas.

O volume anual de negocios acreditarase por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar rexistrado. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil

SOLVENCIA TÉCNICA (artículo 90 LCSP)

Relación dos principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza aos que constitúen o obxecto de contrato, durante un prazo máximo dos tres últimos anos, por un importe que sexa igual ou superior ao **70%** do valor estimado do contrato

Acreditarase mediante: Presentarase unha declaración responsable e asinada por persoa con poder bastante, que inclúa unha relación dos servizos ou traballos realizados polo licitador no últimos tres (3) anos, que inclúa o importe, as datas e o destinatario público ou privado, dos mesmos, e cuxo importe anual acumulado no ano





Concello de Vilalba

de maior execución, sexa igual ou superior a 51.451,91 euros. A declaración deberá ir acompañada dos documentos obrantes en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación, conforme ao artigo 90 da LCSP.

No caso de destinatario público requirirase certificado asinado polo fedatario público correspondente onde conste certificación da prestación do traballo efectuado.

Os criterios de solvencia esixidos foron escollidos co obxecto de asegurar a correcta execución do contrato por unha empresa coa cualificación suficiente para a prestación adecuada do mesmo, intentado á súa vez evitar a complexidade procedemental en base á habilitación contida no artigo 167.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

No obstante, o empresario tamén **podrá** acreditar a súa solvencia aportando o certificado que lle acredite a seguinte clasificación (art.77.1 a) LCSP):

GRUPO	SUBGRUPO	CATEGORÍA
C	6	1

7. Xustificación da elección dos criterios de selección empregados na licitación.

Conforme ao exixido polo artigo 116.4 da LCSP no que se indica que o expediente xustificarse adecuadamente: os criterios que se terán en consideración para adxudicar o contrato.

Neste senso, o órgano de contratación propón a aplicación dos seguintes criterios:

Criterios de adxudicación subxectivos suxeitos a avaliación previa (40 puntos).

Os licitadores deberán achegar unha memoria descritiva e detallada relativa a execución da obra.

A memoria non poderá exceder en total (tendo en conta as limitacións parciais), de 35 follas por unha cara, DIN A4, Letra Times New Roman 11. Non serán tidas en conta aquelas páxinas que excedan do devandito número máximo.

O licitador deberá presentar unha Memoria Técnica relativa á execución da obra que inclúa como mínimo os aspectos seguintes:

1.Proposta técnica de execución dos traballos. (Valorarase ata un máximo de 26 puntos).



Concello de Vilalba

As empresas deberán presentar unha proposta técnica de execución, que reflicta o coñecemento do proxecto e do terreo onde se executará a obra, detallándose a metodoloxía da execución, mediante a presentación de memoria técnica na que se detallen as operacións para executar, a secuencia das mesmas etc.

Deberá incluír:

- Unha memoria explicativa e detallada da forma e orde de execución das unidades de obra, que reflicta a continuidade e coordinación dos traballos dos distintos oficios que interveñen, así como a definición dos sistemas construtivos e instalacións que o contratista se compromete a empregar na obra, a adecuación do equipo de traballo e medios materiais, análises da contorna e coñecemento da obra e as súas posibles afectacións, etc. •

Un gráfico da execución das distintas unidades de obra, en forma de diagrama de Gantt ou de barras, no que figure o orzamento mensual por contrata a prezos de proxecto, e os períodos de tempo en porcentaxes de tempo pero sen facer referencia a días, posto que este dato incluírase no arquivo electrónica C. Calquera referencia neste gráfico a importes distintos do orzamento de licitación, supoñerá a non admisión da oferta.

Deberá ser un arquivo dixital coas seguintes limitacións: un máximo de 23 páxinas en total en formato DIN A4 (a excepción do apartado do diagrama de Gantt, que as páxinas poderán ser en formato DIN A3). Na cuantificación deste documento non se terán en conta os índices, portadas, fichas técnicas, informes de laboratorio, certificados, gráficos e fotos do sistema do pavimento deportivo proposto.

Valorarase de 0 a 26 puntos con arranxo á seguinte desagregación:

Ofertas que presenten una propuesta técnica de ejecución con una definición completa (procesos, fases, metodología, afecciones, etc), así como una adaptación total o suficiente a la obra.	De 17,51 a 26,00 puntos.
Ofertas que presenten una propuesta técnica de ejecución con una definición completa (procesos, fases, metodología, afecciones, etc), pero con una adaptación insuficiente a la obra.	De 9,01 a 17,50 puntos.





Concello de Vilalba

Ofertas que presenten una propuesta técnica de ejecución con una definición incompleta (procesos, fases, metodología, afecciones, etc), y con una adaptación insuficiente a la obra.	De 0,01 a 9,00 puntos.
Ofertas que presenten una propuesta técnica de ejecución con una definición parcial (procesos, fases, metodología, afecciones, etc), y con insuficiente o nula adaptación a la obra.	0 puntos.

2.- Plan de Control Interno de Calidade ofertado polo licitador. (Valorarase ata un máximo de 7 puntos)

As empresas deberán presentar unha proposta de Control Interno de Calidade.

A oferta conterá, de forma xustificada, a proposta do control interno de calidade que a empresa vaia a desenvolver durante a execución das obras, relativa, entre outros aspectos ao control de calidade nos materiais para empregar, control de calidade nos métodos de execución das distintas unidades de obra ou calquera outro elemento, método ou proceso de control que o contratista considere oportuno incluír dentro do control de calidade.

Deberá incluír:

- Fichas de control en materiais e procesos: criterios de aceptación, rexeitamento e corrección
- Desenrolo da estrutura técnica responsable do control de calidade na obra

Deberá ser un arquivo dixital coas seguintes limitacións: un máximo de 6 páxinas en total en formato DIN A4. Na cuantificación deste documento non se terán en conta os índices, portadas, fichas técnicas, informes de laboratorio, certificados e gráficos.

Valorarase de 0 a 7 puntos con arranxo á seguinte desagregación:

Ofertas que presenten un plan de control interno de calidad (medios, estructura, metodología, certificaciones, etc.) con una definición completa y una adaptación total o suficiente a la obra.	De 4,51 a 7,00 puntos.
---	------------------------





Concello de Vilalba

Ofertas que presenten un plan de control interno de calidad (medios, estrutura, metodoloxía, certificacións, etc.) con una definición completa, pero con una adaptación insuficiente a la obra.	De 2,01 a 4,50 puntos.
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidad (medios, estrutura, metodoloxía, certificacións, etc.) con una definición incompleta y con una adaptación insuficiente a la obra.	De 0,01 a 2,00 puntos.
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidad (medios, estrutura, metodoloxía, certificacións, etc.) con una definición parcial y con insuficiente o nula adaptación a la obra.	0 puntos.

3.- Plan de actuacións medioambientais. (Valorarase ata un máximo de 7 puntos)

Presentarase memoria que recolla unha análise do proxecto desde o punto de vista ambiental, destacando os puntos que esixen especial atención segundo o criterio do licitador:

- Identificación das unidades de obra e/o dos procesos construtivos que poidan xerar impactos, así como as medidas adoptadas para a súa eliminación, diminución ou corrección.
- Organización física da obra (trazado de camiños de acceso, asentamento de provisións, parque e maquinaria).
- Localización de entulleiras autorizadas e xestión de residuos.

Deberá ser un arquivo dixital coas seguintes limitacións: un máximo de 6 páxinas en total en formato DIN A4. Na cuantificación deste documento non se terán en conta os índices, portadas, fichas técnicas, informes de laboratorio, certificados e gráficos.

Valorarase de 0 a 7 puntos con arranxo á seguinte desagregación:

Ofertas que presenten un plan de actuacións medioambientais (medios, estrutura, metodoloxía, certificacións, etc.) con una definición completa y una adaptación total o suficiente a la obra.	De 4,51 a 7,00 puntos.
---	------------------------





Concello de Vilalba

Ofertas que presenten un plan de actuacións medioambientales (medios, estrutura, metodoloxía, certificacións, etc.) con una definición completa, pero con una adaptación insuficiente a la obra.	De 2,01 a 4,50 puntos.
Ofertas que presenten un plan de actuacións medioambientales (medios, estrutura, metodoloxía, certificacións, etc.) con una definición incompleta y con una adaptación insuficiente a la obra.	De 0,01 a 2,00 puntos.
Ofertas que presenten un plan de actuacións medioambientales (medios, estrutura, metodoloxía, certificacións, etc.) con una definición parcial y con insuficiente o nula adaptación a la obra.	0 puntos.

En ningún caso deberán incluírse en leste arquivo documentos propios do arquivo electrónico C, que permitan deducir as condicións dos criterios avaliados mediante aplicación de fórmulas, o que supoñería a exclusión do licitador.

Esíxese que a puntuación total obtida por este criterio debe ser igual ou superior a 25 puntos, xa que se non se alcanzase algunha das propostas, non se procederá a valorar a documentación presentada para a súa valoración automática mediante a aplicación de fórmulas, non procedéndose á apertura do arquivo electrónico C das propostas afectadas.

Criterios de adjudicación obxectivos suxeitos a avaliación posterior (60 puntos)

Os criterios avaliados mediante fórmulas valoraranse cun máximo de 60 puntos, de conformidade cos seguintes criterios:

1. Menor prezo ofertado polo licitador: Valorarase ata un máximo de 15 puntos.

$$P_i = P_{max} \times (OFERTA ECONÓMICA MAIS BAIXA / OFERTA ECONÓMICA DO LICITADOR)$$

Na aplicación das fórmulas só teranse en conta dous decimais. Este criterio considerarase esencial para efectuar a valoración, debendo valorarse en función da baixa efectuada, adjudicando 15 puntos á empresa que ofrezca o menor prezo anual.

2. Oferta de ampliación do prazo de garantía: ata 7 puntos.

Puntuaranse con 0 puntos as ofertas que non supoñan un aumento do mínimo establecido no Proxecto (12 meses) e con 7 puntos a maior ampliación do prazo de garantía.





Concello de Vilalba

Só se valorarán a ampliación do prazo de garantía ata un máximo de 36 meses (é dicir, o prazo inicial de 12 meses máis 24 meses)

Se algunha oferta presentase maior prazo de garantía do previsto no parágrafo anterior terán 0 puntos. Con todo, aínda que, aínda que se puntúe con 0 puntos caso de resultar adxudicataria, a empresa deberá cumprir o prazo de garantía máximo de 36 meses.

A valoración da ampliación do prazo de garantía farase seguindo a seguinte fórmula:

$$P_i = P_{max} \times (\text{AMPLIACIÓN DE PLAZO DE GARANTÍA DO LICITADOR} / \text{AMPLIACIÓN DE PLAZO DE GARANTÍA MAIS ALTO})$$

3. Certificacións do sistema de pavimento deportivo ofertado. Valoración ata 35 puntos.

Criterio n.º1 - Calidade: Informe de Laboratorio acreditado pola Federación Internacional de Fútbol - FIFA (FIFA Laboratory Test Report) que acredite que o sistema supera os parámetros determinados o programa FIFA QUALITY para pavimento de fútbol sala (FIFA QUALITY PROGRAMME FOR FUTSAL SURFACES) : 8 puntos.

Criterio n.º2 - Calidade: Certificado do sistema de pavimento deportivo completo expedido por Federación Internacional de Baloncesto, FIBA (Certificate of Approval for Synthetic Flooring Category), para a categoría de pavimentos de madeira no nivel de competición 2: 4 puntos.

Criterio n.º3 - Calidade: Acreditación mediante a presentación do correspondente Certificado Oficial da empresa produtora ou subministradora e instaladora do sistema de pavimento deportivo areaelástico de aplicación da norma de xestión da calidade ISO 9001:2015 co ámbito de aplicación obxecto do contrato para o deseño e o desenvolvemento, a produción, a comercialización e a instalación de pavimento deportivo.: 2 puntos.

Criterio n.º4 - Calidade: Acreditación mediante a presentación do correspondente Informe de Laboratorio acreditado (Laboratory Performance Report) #de acordo con a norma UNE-EN 14904 (pavimentos deportivos de interior) que acredite que o sistema supera os parámetros determinados na devandita Norma UNE.: 4 puntos.

Criterio n.º5 - Medio ambiente: Acreditación mediante a presentación do correspondente Certificado Oficial da empresa produtora ou subministradora e instaladora do sistema de pavimento deportivo de aplicación da norma de xestión ambiental ISO 14001:2015 co ámbito de aplicación obxecto do contrato para o deseño e o desenvolvemento, a produción, a comercialización e a instalación de pavimento deportivo.: 2 puntos.





Concello de Vilalba

Criterio n.º6 - Medio ambiente: Declaración da verificación por unha empresa de certificación da empresa produtora do sistema de pavimento deportivo de aplicación da norma de emisión de gases de efecto invernadoiro ISO 14064-1:2012 co ámbito de aplicación obxecto do contrato para o deseño e o desenvolvemento, a produción, a comercialización e a instalación de pavimento deportivo.: 4 puntos.

Criterio n.º7 - Medio ambiente: Acreditación de que a empresa produtora e subministradora do sistema de pavimento deportivo areaelástico cumprirá cos requisitos e obrigacións impostos pola normativa vixente, Regulamento (CE) nº 1907/2006, REACH (Registro, Avaliación, Autorización e Restrición de Substancias e Mesturas Químicas) cumprimento para a fabricación, comercialización e utilización de substancias químicas na Unión Europea.: 4 puntos.

Criterio n.º8 - Seguridade e Saúde no traballo: Acreditación mediante a presentación do correspondente Certificado Oficial da empresa produtora ou subministradora e instaladora do sistema de pavimento deportivo areaelástico de aplicación da norma de xestión de seguridade e saúde no traballo ISO 45001:2018 co ámbito de aplicación obxecto do contrato para o deseño e o desenvolvemento, a produción e a instalación de pavimento deportivo.: 4 puntos.

Criterio n.º9 - Medio Ambiente: Certificado da empresa produtora ou subministradora e instaladora do sistema de pavimento deportivo punteelástico de aplicación da norma de xestión enerxética ISO 50001:2018 co ámbito de aplicación obxecto do contrato para o deseño e desenvolvemento, fabricación e comercialización de sistemas de pavimento deportivo: 3 puntos.

Visto que no artigo 35 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que serán motivados, con sucinta referencia de feitos e fundamentos de dereito os actos que se diten no exercicio de potestades discretionais, así como os que deban selo en virtude de disposición legal ou regulamentaria expresa.

Este órgano de contratación xustifica os seguintes extremos: A adxudicación do contratos basease en criterios que garantan o respecto dos principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores; e asegurar, en conexión co obxectivo de estabilidade orzamentaria e control do gasto, e o principio de integridade, unha eficiente utilización dos fondos destinados á contratación de servizos mediante a esixencia da definición previa das necesidades para satisfacer, salvagárdaa da libre competencia e a selección da oferta economicamente máis vantaxosa (artigo 1 da LCSP).





Concello de Vilalba

Conforme o establecido no artigo 145.5 da LCSP, os criterios establecidos neste contrato están vinculados ao obxecto do mesmo, e refírense e integran as prestacións que conforme ao disposto no presente expediente constitúen o seu contido. Están formulados de maneira obxectiva, con pleno respecto aos principios de igualdade, non discriminación, transparencia e proporcionalidade, garantindo a posibilidade de que as ofertas sexan avaliadas en condicións de competencia efectiva.

Asemade, en relación aos contratos de servizos procede a aplicación de máis dun criterio de adxudicación salvo que as prestacións estean perfectamente definidas tecnicamente e non sexa posible variar os prazos de entrega nin introducir modificacións de ningunha clase no contrato, sendo por conseguinte o prezo o único factor determinante da adxudicación (artigo 145 da LCSP).

A fórmula elixida para a valoración do criterio prezo está claramente definida, xustificándose a súa elección por resultar proporcional en relación coas baixas ofertadas e as ofertas que non presenten baixa. Trátase dunha fórmula lineal, de forma que as pequenas diferenzas de prezo teñen como resultado pequenas diferenzas de puntuación e ao contrario, evitándose supostos de fórmulas que asignan diferenzas moi significativas de puntuación a ofertas que entre elas teñen pequenas diferenzas na oferta económica.

Tendo en consideración o anterior, este órgano que entende acreditada a súa competencia para a tramitación do presente expediente en virtude do regulado na disposición adicional segunda da LCSP, da inicio a este expediente, e polo tanto

ORDENO:

PRIMEIRO. Iniciar o expediente para a contratación descrita nos antecedentes mediante procedemento aberto.

SEGUNDO. Que se redacte o prego de cláusulas administrativas, así coma o prego de prescricións técnicas se as mesmas fosen pertinentes.

TERCEIRO. Que pola Secretaría realícese o informe preceptivo segundo a disposición adicional terceira, punto 8º da LCSP, e por Intervención se proceda á fiscalización do gasto así coma emita un informe sobre a repercusión do novo contrato na xestión económico-financeira da Corporación, con especial atención á porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente, aos efectos de determinar o órgano competente para contratar.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE





Concello de Vilalba

